

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 01/02/2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**ASUNTO: Aprobación das valoracións correspondentes a documentación avialable mediante xuízos de valor (sobre B) das ofertas presentadas polas empresas que participan no procedemento aberto SARA convocado para a contratación do Servizo de copia de seguridade na nube. (Expte. 2023037975)**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 10/11/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto SARA, do Servizo de copia de seguridade na nube.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 16/11/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16 de novembro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 28/12/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir ás seguintes empresas:

- **ASPA CLOUD S.L. B47390687 (ASPA)**
- **INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L. B62758602(IPM)**
- **EDNON S.L. B36938009 (EDNON)**
- **ALTIA CONSULTORES S.A. A15456585 (ALTIA)**
- **OMEGA PERIPHERALS S.L. B60343076 (OMEGA)**

A continuación procede a apertura do sobre B que contén a documentación técnica.



Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor, que presentan as empresas admitidas, aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que, avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 24/01/2024 os técnicos do servizo de Novas emitiu informe de valoración (csv 9EY5T89RQTASZ4W7) sendo as puntuacións outorgadas as seguintes

CRITERIOS	MÁXIMO	ALTIA	ASPA	EDNON	IPM	OMEGA
Arquitectura da solución proposta	20,00	17,00	5,00	19,00	14,00	14,00
Modelo de xestión do servizo	12,00	8,00	5,00	10,00	10,00	6,00
Plan de implantación e posta en marcha do servizo	8,00	7,00	5,00	7,00	7,00	5,00
TOTAIS	40,00	32,00	<b>15,00</b>	36,00	31,00	25,00

“EXCLUSIÓNS: Revisadas de forma pormenorizada as particularidades técnicas asociadas a cada unha das solucións ofertadas polos distintos licitadores se recomenda á mesa de contratación a exclusión do licitador ASPA por non chegar ao mínimo de puntuación exigida para este sobre.”

A continuación a Mesa de Contratación en base ao informe data 24/01/2024, acorda:

- 1.- Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ao procedemento aberto convocado para dita contratación.
- 2.- Propor ao órgano de contratación a **exclusión do licitador ASPA CLOUD S.L.** en base ao informe dos técnicos do servizo de Novas Tecnoloxías, por non chegar ao mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

